



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Dirección Xeral de Centros
e Ordenación Educativa

CPI PLURILINGÜE CABO DA AREA
<http://www.edu.xunta.gal/centros/cpicaboarea/>



UNIÓN EUROPEA
Fondo Social Europeo



Isidro Parga Pondal, 45
15118- Laxe
A Coruña
☎ 881 880 709
cpi.cabo.area@edu.xunta.es

CONCESIÓN DE MÁSCARAS PARA O ALUMNADO DE PRIMARIA E SECUNDARIA

Informamos que a Consellería de Educación publicou a [ORDE do 28 de outubro de 2021 pola que se regulan os criterios e o procedemento de distribución de máscaras entre o alumnado matriculado en educación primaria, educación secundaria obrigatoria e educación especial en centros docentes públicos dependentes desta consellería, así como en centros privados concertados, no curso 2021/22 \(código de procedemento ED330E](#)

Alumnado destinatario: Alumnado matriculado en Educación Primaria (non para Educación Infantil) e Educación Secundaria.

a) NON ten que presentar solicitude (concédesele automaticamente máscara):

O alumnado beneficiario do cheque de material escolar para o curso 2021-2022.

b) Ten que presentar solicitude:

O alumnado que non foi beneficiario do cheque de material escolar no curso 2021-2022 que cumpra algunha das seguintes condicións:

- Que pertenza a unha familia cunha renda per cápita igual ou inferior a 6.000 €.
- Alumnado matriculado en educación especial.
- Alumnado suxeito a tutela ou garda da Xunta de Galicia.
- Alumnado cun grao de discapacidade igual ou superior ao 65%.

TRAMITACIÓN E PRESENTACIÓN DAS SOLICITUD

- Presencialmente na secretaría do centro en horario de 9:00h. a 14:00 h.
- Prazo presentación: **ata o 26 de novembro 2021 inclusive**.
- DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR:
 - **SOLICITUDE ANEXO I e ANEXO II:** Achégase a solicitude nesta información, pero tamén estará a vosa disposición na secretaría do centro).
 - A anterior solicitude virá acompañada da fotocopia do libro de familia de todos os membros da unidade familiar. No caso de separación ou divorcio, ademais deberán achegar a sentenza xudicial e/ou convenio regulador onde conste a atribución da custodia do/da menor.

As listaxes provisionais publicaránse no taboeiro interior do centro o día 30 de novembro e en caso de exclusión na listaxe provisional, as persoas afectadas poderán formular reclamación ante o centro docente nos dous (2) días hábiles seguintes ao da súa publicación.

O centro comunicará ás familias o momento e o modo no que se fará o reparto.

EQUIPO DIRECTIVO CPIP CABO DA AREA